



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADES ECONÓMICAS NO CURSO 2017/2018

A Universidade da Coruña (UDC) fai pública esta convocatoria de axudas destinadas ao estudantado matriculado no curso 2017/2018 na UDC co fin de contribuír a paliar as dificultades económicas que lle impidan continuar os estudos conducentes a obtención dun título oficial de Graduado, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Mestrado universitario ou Doutoramento.

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

A Universidade da Coruña fai pública esta convocatoria de axudas coa finalidade de sufragar os prezos públicos de matrícula.

2.- ORZAMENTO

O importe máximo das axudas a adxudicar será de 30.000 € e con cargo á aplicación orzamentaria 0300030033 422D 48003. Este importe poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

3.- CONTÍA E CONDICIÓNS DE MATRÍCULA

A contía da axuda non poderá superar os 1500 € e terá por finalidade sufragar os prezos públicos da matrícula. As axudas concederanse ata esgotar o orzamento.

Os créditos obxecto da axuda serán aqueles nos que o/a alumno/a estea matriculado/a a 31/12/2017.

O importe da matrícula será o establecido no Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2017-18 (DOG núm. 134 do 14 de xullo de 2017).

A axuda nunca poderá sufragar os prezos públicos dos créditos ou materias obxecto de terceira e sucesivas matrículas.

No caso dos mestrados non dará dereito para sufragar os créditos de segunda matrícula.

Para estar en condicións de que se lle adxudique a axuda, a persoa beneficiaria non poderá incorrer en ningunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, do 17 de novembro. A xustificación de non incorrer nas prohibicións sinaladas realizarase mediante o modelo de solicitude. Non obstante, dada a natureza destas axudas, non será esixible para ter a condición de beneficiario que concorran as circunstancias previstas no artigo 13.2 e) da Lei 38/2003.



Servizo de Estudiantes.- Sección de bolsas – Pavillón de estudantes

Campus de Elviña – 15071 A Coruña

Correo Electrónico: bolsas@udc.es

4.- SOLICITANTES

Alumnado matriculado no presente curso académico 2017/2018 na Universidade da Coruña en estudos oficiais conducentes a obtención do título oficial de Graduado, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Mestrado universitario ou Doutoramento. A solicitude destas axudas non implica o aprazamento do pagamento da matrícula ata resolvelas.

5.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

a) Estaren matriculados na Universidade da Coruña no curso académico 2017/2018, en calquera curso dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais impartidos pola Universidade da Coruña dos relacionados no parágrafo anterior.

b) Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario en algún dos correspondentes estudos superiores que habiliten par ao exercicio dunha profesión.

Non obstante, poderá concederse esta axuda ao estudantado que superase un primeiro ciclo ou estea en posesión dun título de Diplomado, Mestre, Enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro ou Graduado e se atope matriculado nun curso de adaptación ao Grao ou nun mestrado oficial impartido pola Universidade da Coruña.

c) Terse producido unha situación de dificultade económica debidamente acreditada que lle impida ao estudante a continuación dos seus estudos.

d) Non dispor doutras axudas públicas ou privadas destinadas a esta mesma finalidade ou cumprir os requisitos para obtelas

6.- CRITERIOS DE APLICACIÓN

A Comisión valorará, alén das razóns aducidas documentalmente, o rendemento académico da persoa solicitante

7.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outro beneficio da mesma natureza e finalidade, agás que a Comisión de Valoración declare a compatibilidade en casos suficientemente motivados.

Ningún estudante poderá percibir máis dunha axuda, aínda que realice simultaneamente varios estudos.

8.- LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, segundo o Anexo I, presentaranse na Sección de Bolsas da UDC (Pavillón de Estudantes- Campus de Elviña) ou no rexistro auxiliar de Ferrol.



Servizo de Estudiantes.- Sección de bolsas – Pavillón de estudantes

Campus de Elviña – 15071 A Coruña

Correo Electrónico: bolsas@udc.es

9.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

A partir do día seguinte á publicación desta convocatoria até o 30 de maio de 2018.

10.- DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude achegaranse os documentos ou calquera medio de proba admisible en dereito que acredite a situación de dificultade económica que lle impida seguir os estudos universitarios, sen prexuízo de que a Comisión de Valoración poida requirir outra documentación complementaria.

A presentación da solicitude implicará a autorización para que a Universidade da Coruña obteña directamente os datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información correspondente relativa ao imposto da renda das persoas físicas, do ano 2016, precisa para a resolución da convocatoria. Implicará tamén a autorización para obter directamente da Dirección Xeral do Catastro (Ministerio de Economía e Facenda), información sobre o patrimonio da unidade familiar.

11.- VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN

A valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración, quen propondrá a adxudicación das axudas tendo en conta a situación de dificultade económica, a falta de recursos económicos debidamente acreditados e a existencia de orzamento destinado a presente convocatoria.

12.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Esta Comisión estará composta por:

Presidenta: Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Secretaría: Xefa da sección de bolsas da UDC

5 vogais: 3 representantes do profesorado pertencentes á Comisión de selección de bolseiros do MECD e 2 representantes dos estudantes pertencentes a Comisión de Selección de bolseiros do MECD.

13.- PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN

A publicación desta convocatoria así como a dos sucesivos actos do procedemento de concesión destas axudas serán publicados e notificados a través do taboleiro electrónico oficial da Universidade da Coruña para todos os efectos previstos nos artigos 43, 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común nas Administracións Públicas.

14.- PRAZO DE RESOLUCIÓN

O prazo máximo para resolver será de 1 mes desde a data en que se reúna a Comisión que o fará como mínimo dúas veces no curso académico, unha no mes de febreiro e outra no mes de xuño. Transcorrido o prazo sen que se notifique a resolución, poderán entenderse desestimadas as solicitudes.



Servizo de Estudiantes.- Sección de bolsas – Pavillón de estudantes

Campus de Elviña – 15071 A Coruña

Correo Electrónico: bolsas@udc.es

Contra a resolución de adxudicación que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común nas Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte da notificación da presente resolución, ou calquera recurso que se estime procedente.

15.- EXENCIÓN DE PAGAMENTO

Unha vez adxudicadas as axudas, o alumnado beneficiario será eximido do pagamento das primeiras e/ou segundas matriculas, segundo corresponder, no seu resgardo de pagamento mediante unha exención creada para tal efecto.

16.- INTERPRETACIÓN

Facúltase a Comisión de Valoración para interpretar todas aquelas circunstancias que concorran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.

A Coruña, 22 de novembro de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

**SOLICITUDE DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O ESTUDANTADO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SITUACIÓN DE DIFICULTADES ECONÓMICAS
CURSO 2017/2018****DATOS PERSOAIS:**

Apelidos _____ Nome _____ NIF _____ Data de nacemento _____
Enderezo Familiar _____ Código postal _____ Poboación _____ Provincia _____
Enderezo durante o curso _____ Código postal _____ Poboación _____
Provincia _____ Teléfono _____ / _____
Traballou en 2016 (si/non) _____ Percibiu desemprego (si/non) _____

DATOS ACADÉMICOS:

Posúe algún título universitario _____
Estudos que cursa en 2017/2018 _____
Estudos realizados en 2016/2017* _____

Se solicitou outras bolsas ou axudas, relacións _____

*O alumnado procedente doutras Universidades deberá achegar unha certificación académica dos estudos cursados expedida pola universidade de procedencia

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR QUE RESIDEN NO DOMICILIO FAMILIAR (Ano 2016)

	Apelidos e nome	Parentesco	Profesión ou estudos	Data de nacemento	NIF	Localidade de traballo ou estudos
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						

As persoas que abaixo asinan declaran baixo a súa responsabilidade: que aceptan as bases da convocatoria; que cumpren os requisitos esixidos pola mesma, así como o seu mantemento durante o tempo esixido, incluído o de non atoparse incurso en algunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións sinaladas no artigo 13 da Lei 28/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; e que se encontran ao corrente das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, asumindo o compromiso de comunicar calquera variación que se produza no contido da presente declaración respecto das citadas prohibicións e obrigas conforme ao determinado no apartado 3 da convocatoria. Así mesmo, comprométense a achegar os xustificantes e documentos que sexan requiridos pola Administración.

Autorizan á Universidade da Coruña a obter, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda e patrimonio familiar para os efectos de bolsa.

_____, _____ de _____ de 2 _____

Sinaturas:**Solicitante****Pai****Nai****Outros membros da unidade familiar**

.....

.....

.....

.....

De acordo co previsto na Lei Orgánica 5/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos solicitados neste impreso son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado. A responsabilidade do ficheiro automatizado corresponde á Universidade da Coruña, ante ela poderán os solicitante exercer os dereitos de información, acceso, rectificación e cancelación aos que se refire a citada Lei.

SECCIÓN DE BOLSAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA